



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Erasmus+

Acción Clave 1: Mobilidade para estudantes e persoal de ensino superior.

Proxecto: **2024-1-ES01-KA171-HED-000231424**



Programa ERASMUS+



Convocatoria mobilidade formación práctica de alumnado. Universidade de Pristina (Kosovo)

O obxectivo desta acción é contribuír á creación dun Espazo Europeo de Educación global e reforzar o vínculo entre educación e investigación.

Esta acción busca promover a empregabilidade, a inclusión social, o compromiso cívico, a innovación e a sustentabilidade ambiental dentro e fóra de Europa, proporcionando a estudantes de todas as áreas e ciclos de estudos a posibilidade de estudar ou formarse no estranxeiro como parte dos seus estudos.

Os obxectivos da acción son os seguintes:

- expoñer ao alumnado a diferentes puntos de vista, coñecementos, métodos de ensino e investigación e prácticas de traballo no seu ámbito de estudo no contexto europeo e internacional;
- desenvolver as súas competencias transversais, como comunicación, lingüística, pensamento crítico, resolución de problemas, interculturais e de investigación;

- desenvolver as súas capacidades de futuro, como as capacidades dixitais e ecolóxicas, que lles permitan afrontar os retos de hoxe e de mañá;
- Facilitar o seu desenvolvemento persoal, como a capacidade de adaptación a novas situacións e a autoconfianza.

Neste proxecto de mobilidade participan Erasmus +, SEPIE, Cartes e CIFP Imaxe e son. Erasmus+ é un programa da UE para apoiar a educación, a formación, a xuventude e o deporte en Europa , SEPIE é a axencia nacional española para o desenvolvemento do programa Erasmus+ en materia de Educación e formación, CARTES e un Consorcio coordinado pola Escuela Superior de Conservación y restauración de Bienes culturales de Madrid no que estamos integrados os seguintes centros de formación:

- | | |
|--|--|
| ▶ Escuela Superior Conservación y Restauración Bienes Culturales Madrid | ▶ Escola de arte e superior de deseño Pablo Picasso |
| ▶ CIFP Imaxe e son da Coruña | ▶ Escuela de Arte y Superior de Diseño y de Conservación y Restauración de Bienes Culturales de Burgos |
| ▶ EASD Antonio Faílde | ▶ Escuela Superior de Arte del Principado de Asturias |
| ▶ Escuela de Artes de Oviedo | ▶ Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia |
| ▶ Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón | ▶ IES Audiovisual de Vigo |
| ▶ Escola Superior de Disseny i d'Arts Plàstiques | ▶ IES Puerta Bonita |
| ▶ Escuela de Arte y Superior de Diseño de Corella Escuela de Arte y Superior de Diseño de Pamplona | ▶ IES Ribeira do Louro |
| ▶ Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo | ▶ CIFP Alan Turing |

Esta convocatoria foi redactada en CIFP Imaxe e son e está suxeita á normativa do programa establecida polo Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), ao acordo da reunión de socios do consorcio CARTES do 11 de novembro de 2024, ás Normas de Organización e Funcionamento de CIFP Imaxe e son, e ás seguintes bases reguladoras:

1. Obxecto da convocatoria.

O propósito desta convocatoria é adxudicar 3 axudas económicas entre o alumnado de CIFP Imaxe e son das especialidades de Imaxe, Son, e Producción ou Realización, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de mobilidades de formación práctica.

- ▶ País de destino: Kosovo
- ▶ Universidade: University Prishtina. Facultade de Artes_<https://arte.uni-pr.edu/page.aspx?id=2,69>
- ▶ Modalidade: Prácticas de formación.
- ▶ Actividade: Asistencia ao Summer film festival de Pristina e colaboración en proxectos de produción audiovisual.
- ▶ Datas:
 - 30 de xuño ao 18 de xullo de 2025.
 - As datas da mobilidade poden cambiar debido a necesidades organizativas.
- ▶ Recoñecemento académico: A valoración positiva da mobilidade por parte do Centro de acollida suporá a acreditación da actividade de formación segundo consta no learning agreement.

2. Requisitos

A persoa solicitante debe:

- > Estar matriculada no CIFP Imaxe e son durante o curso 24-25.
- > Ter superados os módulos de formación durante o curso 24-25.
- > Cumprir os requisitos administrativos no momento da execución da mobilidade.

Non poderá ter a condición de persoa beneficiaria das axudas previstas nesta orde o alumnado que incorra nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A persoa solicitante deberá reunir os requisitos para obter a condición de beneficiaria segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou coa Seguridade Social e non ter ningunha débeda pendente de pagamento coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o sinalado no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

3. Lugar e prazo de presentación da Solicitud. Documentación.

O prazo de entrega de documentación será do 19 xuño ás 12:00h. As persoas solicitantes deberán entregar na Secretaría do centro ou enviala a internacional@edu.xunta.gal a seguinte documentación:

- Ficha de SOLICITUDE (ver anexo I)
- Documentación acreditativa de formación en idiomas (no caso de telas).

A presentación da solicitude implicará, coñecer e aceptar o contido da presente convocatoria e do regulamento. Coa firma da solicitude o solicitante autoriza o uso dos seus datos relativos a nome, apelidos, valoracións e destinos solicitados e adxudicados no taboleiro de anuncios e na web do centro. A desconformidade con este apartado poderá ser manifestada mediante escrito que será achegado no momento da presentación da solicitude.

4. Centro de acollida. Actividades

CARTES oferta preferentemente prácticas nos talleres das Universidades nos que os estudantes poden realizar proxectos titorizados polo profesorado do centro de acollida e polo seu propio titor ou titora.

As actividades que se desenvolverán concordarán cos obxectivos do proxecto que son, entre outros, promover a mobilidade na aprendizaxe non formal e informal e a participación activa entre a mocidade, así como a cooperación, a calidade, a inclusión, a creatividade e a innovación a nivel de organizacións e políticas do ámbito xuvenil.

Xa que logo, as persoas beneficiarias das axudas de mobilidade seguirán o programa de actividades acordado previamente ao desprazamento entre a persoa beneficiaria, CIFP Imaxe e son e a empresa ou Institución de ensino de acollida.

En CIFP Imaxe e son o titor ou titora da persoa beneficiaria terá que coordinarse coa persoa responsable de Programas Internacionais e do Departamento de Formación en centro de traballo para xestionar a documentación da mobilidade.

5. Contía da axuda para a viaxe.

As persoas participantes recibirán as cantidades de axuda para viaxe que se indican a continuación:

AYUDAS DE VIAJE: ESTUDIANTES Y PERSONAL		
 Distancias ²	 En caso de viaje ecológico	 En caso de viaje no ecológico
Entre 10 y 99 km:	56 EUR por participante	28 EUR por participante
Entre 100 y 499 km:	285 EUR por participante	211 EUR por participante
Entre 500 y 1 999 km:	417 EUR por participante	309 EUR por participante
Entre 2 000 y 2 999 km:	535 EUR por participante	395 EUR por participante
Entre 3 000 y 3 999 km:	785 EUR por participante	580 EUR por participante
Entre 4 000 y 7 999 km:	1188 EUR por participante	1188 EUR por participante
8 000 km o más:	1735 EUR por participante	1735 EUR por participante

² Calculadora de distancias disponible en https://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/resources/distance-calculator_es

O alumnado que opte por unha viaxe ecolóxica recibirá ata 4 días de apoio individual adicional para cubrir os días de viaxe de ida e volta, se é o caso.

A axuda de desprazamento pode calcularse a través da aplicación Erasmus +: **Distance calculator**.

6. Contía de axuda de apoio individual. Datás de pagamento.

Segundo SEPIE a cantidade das axudas de mobilidade son:

http://www.sepie.es/doc/comunicacion/publicaciones/2024/ayudas_erasmus_2024_educacion_superior_ka131.pdf

En función das circunstancias persoais da persoa solicitante as axudas poden ser:

6.1.1 Axuda individual:

AYUDAS INDIVIDUALES: MOVILIDADES FÍSICAS DE ESTUDIANTES DE CORTA DURACIÓN (5 A 30 DÍAS)		IMPORTE BASE	AYUDAS ADICIONALES
		ESTUDIOS Y PRÁCTICAS	MENOS OPORTUNIDADES*
 Todos los países del mundo	Hasta el día 14	79 €/día	+100 € para toda la movilidad
	Del día 15 al 30	56 €/día	+150 € para toda la movilidad ¹

6.1.2. Axuda adicional para estudantes con menos oportunidades.

O apoio individual para estudantes con menos oportunidades é de 250 euros.

Consideraranse estudantes con menos oportunidades quen se encontre nalguna das seguintes situacións (axuda non acumulativa si presentan máis dun perfil):

Segundo SEPIE:

DISCAPACIDAD
✓ Tener reconocida y calificada legalmente una discapacidad en grado igual o superior al 33 por ciento, o un grado de discapacidad equivalente, en el caso de estudiantes extranjeros.
OBSTÁCULOS SOCIOECONÓMICOS
✓ Ser beneficiario de una beca de estudios de carácter general de la Administración General del Estado para realizar estudios universitarios y otros estudios superiores o de una beca del Departamento de Educación del País Vasco, o de una beca para la escolarización de estudiantes de niveles no universitarios concedida por el Departamento de Educación del País Vasco en el curso inmediatamente anterior al que se vaya a realizar la movilidad o en el curso académico en el que se realice la movilidad.
✓ Percibir la unidad familiar una prestación de Ingreso mínimo vital / Renta Mínima de Inserción o cualquier otra prestación de igual o similar naturaleza, según la denominación adoptada en cada Comunidad Autónoma.
✓ Estar en riesgo de exclusión social.
✓ Pertenecer a una familia numerosa o monoparental.
✓ Encontrarse en una situación de especial necesidad y emergencia social.
✓ Ser víctima de terrorismo, de violencia de género o en situación de orfandad.
✓ Encontrarse en una situación de dependencia o con dependientes a cargo.
✓ Tener un contrato de trabajo a tiempo completo.
OBSTÁCULOS GEOGRÁFICOS
✓ Estar matriculado en un centro situado en las Ciudades Autónomas de Ceuta o Melilla, o estar empadronado en dichas ciudades, en caso de que la matrícula se realice en una institución educativa no presencial.
PROBLEMAS DE SALUD
✓ Padecer problemas físicos o mentales que genere la necesidad de apoyo adicional.
DIFERENCIAS CULTURALES
✓ Tener la condición de refugiado o con derecho a protección subsidiaria o haber presentado solicitud de protección internacional en España, o en otro país, en caso de participantes entrantes.

6.1.3. Programa inclusivo.

O programa Erasmus+ ten por obxectivo promover a equidade e a inclusión do alumnado. Existen vías de financiamento especial para persoas con discapacidade física ou intelectual. A información sobre

este tipo de financiamento pode solicitarse ao coordinador de programas internacionais do CIFP Imaxe e son. Máis información sobre estas axudas no enlace: [Erasmus+: un programa inclusivo](#).

6.1.4. Outras fontes de financiamento:

O alumnado poderá recibir, ademais da bolsa Erasmus+ da UE, unha bolsa rexional, nacional ou de calquera outro tipo, xestionada por unha organización distinta da axencia nacional. Este tipo de subvencións procedentes doutras fontes de financiamento alleo ao orzamento da UE non está suxeto ás cantidades e os rangos máximos e mínimos establecidos no presente documento.

Como consecuencia do parágrafo anterior o alumnado poderá optar ás axudas convocadas pola Xunta de Galicia relacionadas coa formación internacional en centro de traballo. Como exemplo pode consultarse a ORDE do 8 de xullo de 2024 pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo ou FP dual.

As organizacións de acollida para períodos de formación práctica poden proporcionar apoio financeiro ou contribucións en especie aos estudantes en prácticas.

O abono das axudas realizarase exclusivamente mediante transferencia bancaria a contas correntes situadas en España, e os seus titulares ou cotitulares deberán ser necesariamente as persoas beneficiarias das mesmas.

6.2. Pagamento das axudas.

As axudas faranse efectivas directamente ao alumnado en dous pagamentos a través da súa conta bancaria.

O primeiro pagamento será do 100% da axuda concedida e realizarase antes do inicio da mobilidade e o segundo pago do 0% restante será realizado cando transcurra a metade do tempo previsto da mobilidade.

6.3. Perda das axudas.

Cando unha persoa obteña a axuda sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión ou se falseen ou oculten feitos ou datos que motivaron a súa concesión ou que non cumpra co acordado no convenio procederá á devolución íntegra das cantidades percibidas.

O estudante que non cumpra as súas obrigas na empresa de acollida (previo informe negativo da coordinadora de Programas Internacionais e da empresa) deberá realizar a DEVOLUCIÓN ÍNTEGRA das axudas recibidas.

7. Calendario

Por motivos de loxística e organización as datas de mobilidade poden sufrir modificacións. As datas de inicio e final de cada mobilidade serán aprobadas por CARTES, xefatura de estudos, coordinación internacional, titoría que corresponda e a alumna ou alumno implicado.

8. Trámites a seguir antes, durante e ao finalizar a mobilidade.

Antes de iniciar a mobilidade.

Unha vez publicada a resolución definitiva da convocatoria, o alumnado adxudicatario deberá cumprimentar os seguintes trámites:

- ▶ Declaración xurada de non estar suxeito en ningunha das causas de prohibición do artigo 13 de la Lei 38 /2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- ▶ Documento que acredite a matriculación da persoa solicitante no centro e no caso de recén titulado a copia do título ou similiar.
- ▶ Asinar a documentación solicitada polo departamento de Formación en centro de traballo de CIFP Imaxe e son.
- ▶ Asinar o convenio de Subvención con CARTES no prazo que se estableza.
- ▶ Asinar o acordo de aprendizaxe "Learning agreement"
- ▶ Presentar o formulario de datos bancarios CCC (Código Conta Cliente a solicitar polo interesado na súa oficina bancaria) na que o adxudicatario sexa titular.
- ▶ É responsabilidade da persoa beneficiaria tramitar a tarxeta sanitaria europea ou subscribir ao seu cargo un seguro para cubrir as continxencias no país de destino. En consecuencia, a persoa

beneficiaria debe seguir os trámites necesarios para asegurarse da cobertura sanitaria no país de destino (Tarxeta Sanitaria Europea e/ou seguro sanitario equivalente).

- ▶ Contratar un seguro de responsabilidade civil durante a duración da mobilidade.
- > Seguro de responsabilidade civil que inclúa cando proceda responsabilidade profesional.
- > Seguro de accidentes e enfermidade grave que inclúa incapacidade temporal ou permanente.
- > Seguro de defunción que inclúa repatriación.
- ▶ Xestionar a viaxe e o aloxamento.
- ▶ Realizar unha proba de nivel de idioma de destino na Online Language Support (OLS)

Durante a estancia na empresa de destino.

A persoa beneficiaria deberá:

- ▶ Incorporarse ao centro de destino na data prevista e presentarse á persoa responsable do lugar da organización de destino.
- ▶ Permanecer no destino durante a totalidade da estancia indicada no convenio de subvención e levar a cabo o plan de mobilidade acordado.
- ▶ Informar das incidencias na maior brevidade posible.
- ▶ Compartir con coordinación internacional e a titoría que corresponda Imaxes/vídeos, etc. de actividades académicas, visitas, etc. durante a estadía. Os escritos, textos, fotos, vídeos poderán ser publicadas nas redes sociais do CIFP Imaxe e son.
- ▶ Cumprimentar a documentación relativa a Formación en centro de traballo.

Ao regresar.

Ao finalizar a estancia a alumna ou alumno deberá entregar ao coordinador de programas internacionais, nun prazo máximo de quince días desde o regreso:

- ▶ A persoa beneficiaria deberá cumprimentar e enviar en liña o cuestionario UE (UE Survey) antes dos trinta días posteriores ao remate da mobilidade.
- ▶ Certificado de confirmación da estancia asinado e selado pola Institución ou organismo educativo de destino ou polo responsable da empresa/organismo, no que se especifiquen datas de estancia, se informe que se seguiu a planificación prevista, ou de habelas, as modificacións . É obrigatorio que a data da certificación ha de ser igual ou posterior á data de finalización da estancia. Non se admitirán certificados con data anterior á finalización do período de mobilidade.
- ▶ A persoa beneficiaria deberá facer un test de idioma á volta da viaxe na plataforma OLS.
- ▶ Cada participante deberá realizar unha memoria da súa experiencia a nivel académico, profesional, lingüístico, cultural, etc. que enviarán ao coordinador de programas internacionais nos 15 días seguintes a súa chegada. Estas memorias quedarán arquivadas para ou seu posible uso en posteriores actividades de difusión de mobilidades: charlas, presentacións, información sobre os centros de destino, etc.

9. Criterios de selección do alumnado solicitante.

A convocatoria será resolta pola Comisión de avaliación do Proxecto Propio de CIFP Imaxe e son. A Comisión estará formada por: director do centro ou persoa en quen delegue, coordinador de programas internacionais, dous membros do equipo directivo, unha profesora ou profesor.

Os criterios de selección son:

9.1. Expediente académico. Nota media dos módulos superados durante o curso 24-25 (máximo 30 puntos).

- > Ordinario: terase en conta a nota media obtida pola/o estudante no primeiro curso do ciclo formativo.
- > Modular e Distancia: terase en conta a nota media obtida pola/o estudante nos módulos superados en anos anteriores.

A Puntuación resultante deste criterio será a Nota media dos módulos correspondentes multiplicada por 3. É dicir:

Nota 5	Nota 6	Nota 7	Nota 8	Nota 9	Nota 10
15 puntos	18 puntos	21 puntos	24 puntos	27 puntos	30 puntos

Os expedientes académicos do alumnado serán solicitados polo coordinador de internacional á secretaría do CIFP Imaxe e son para incorporar á documentación

9.2 Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, no caso de que sexa diferente a do país de acollida (máximo 25 puntos).

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta o certificados de competencias lingüísticas aportadas. De forma excepcional, para a baremación de inglés podería realizarse unha proba específica organizada pola Comisión de avaliación.

Idioma oficial de país de destino	AI - A2	B1	B2	C1	C2
Ptos	0	2,5	5	7,5	10
Inglés	AI - A2	B1	B2	C1	C2
Ptos	3	6	9	12	15

9.3. Competencias persoais e actitudes (máximo 15 puntos).

A comisión de baremación considerará para este criterio a valoración das actitudes e comportamento do alumnado, tendo en conta as opinións e a información dada por aqueles profesores e profesoras que lle impartiron algún módulo tanto no primeiro curso como no segundo.

Nota de cada docente		0	+ 0,5	+ 1	+ 1,5
1	Motivación. Interese polo traballo				
2	Iniciativa				
3	Capacidade de traballo en equipo				
4	Capacidade de comunicación				
5	Capacidade de aprendizaxe				
6	Capacidade de autocrítica				
7	Capacidade de adaptación a novas situacións				
8	Sentido da responsabilidade / compromiso				
9	Autonomía persoal				
10	Madurez				
Total					

9.4. Preferencia a estudantes con menos oportunidades. (Máximo 10 puntos)

Refírese a alumnado con necesidades de tipo físico ou intelectual, como de carácter social referidos no punto 5.1.2 desta convocatoria. Antes da presentación da solicitude as persoas solicitantes que opten a puntuar neste apartado do baremo deben solicitar ao coordinador de proxectos internacionais atención personalizada a través do correo internacional@cifp.eis.gal

Outros.

No caso de empate nos méritos darase prioridade, pola seguinte orde:

- Aos estudantes con menos oportunidades.
- Aos estudantes que nunca participaran nas mobilidades do Programa Erasmus+.
- Por sorteo.

10. Adxudicación das axudas de mobilidade.

A comisión de avaliadora realizará a baremación. A acta será asinada pola persoa que presida a comisión e a persoa secretaria da mesma e posteriormente será publicada no taboleiro de anuncios de CIFP Imaxe e son.

O documento referenciará as solicitudes aceptadas e rexeitadas así como unha clasificación por puntuación das solicitudes que resulten beneficiarias da axuda e das que queden en lista de espera.

Na citada listaxe farase mención a que na baremación se aplicaron os criterios citados no artigo 9 desta convocatoria e que CIFP Imaxe e son comprométese a gardar as probas documentais sobre o proceso de selección.

As persoas interesadas disporán dun prazo de tres días naturais, contados a partir do día seguinte da publicación da acta provisional, para a presentación de reclamacións.

Rematado o prazo de reclamacións, a comisión avaliadora resolverá as reclamacións e elaborará unha acta definitiva de persoas seleccionadas, as que quedan en lista de espera e as excluídas, con indicación das puntuacións obtidas, e asinada pola persoa que presida a comisión e a persoas secretaria da mesma, que fará pública no taboleiro de anuncios. A identidade das persoas seleccionadas e as da lista de espera serán publicadas na páxina web de CIFP Imaxe e son.

Calendario 2024 - 2025:

Proceso de adxudicación

- ▶ 18 xuño: Publicación convocatoria.
- ▶ 19 xuño: Data límite de entrega de solicitude.
- ▶ 20 xuño: Publicación de resolución provisional.
- ▶ 23 a 25 xuño: Periodo de reclamacións.
- ▶ 26 xuño: Publicación da resolución definitiva.

Sinatura de acordos de subvención, interintitucionais e acordo de formación

CARTES definirá as datas de elaboración e de entrega de cada documento.

11. Renuncias.

A renuncia a unha axuda de mobilidade xa adxudicada presentarse por escrito ao coordinador Erasmus da Escola no prazo de 2 días dende a resolución definitiva da convocatoria.

Se a persoa beneficiaria tivera percibido un anticipo da axuda deberá reintegralo de conformidade co disposto no artigo 33 e seguintes da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

O contido desta convocatoria é responsabilidade de CIFP Imaxe e son e toma como referente a acta da reunión do Consorcio CARTES do 11 de novembro de 2024 e tamén a [Guía Erasmus+ 2024](#).

que pode consultarse en https://erasmus-plus.ec.europa.eu/sites/default/files/2023-11/2024-Erasmus%2BProgramme-Guide_ES.pdf

12. Datos de carácter persoal.

Seguindo o criterio da oferta de mobilidades d Consorcio da Consellería e de acordo co establecido no artigo 14.1.ñ da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas beneficiarias quedan informadas, cos datos consignados no modelo normalizado de solicitude, dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación deste datos (RXPd), e na Lei orgánica 3/2028, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Finalmente,

As mobilidades de alumnado pretenden apoiar e facilitar a cooperación transnacional e internacional entre organizacións nos ámbitos da educación, a formación, a xuventude e o deporte é fundamental para empoderar ás persoas con máis competencias clave, reducir o abandono escolar temperán e recoñecer as competencias adquiridas mediante a aprendizaxe formal, informal e non formal. Ademais, facilita a circulación de ideas, a transmisión de mellores prácticas e coñecementos especializados e o desenvolvemento de capacidades dixitais, o que contribúe a unha educación de calidade ao mesmo tempo que reforza a cohesión social.

Carlos Luis Oro Claro
Coordinador de proxectos internacionais

En A Coruña a 18 de xuño de 2025.



**Cofinanciado por
la Unión Europea**



- Anexo I -
Programa ERASMUS+

Acción Clave 1: Mobilidade para estudantes e persoal de ensino superior.
Proxecto: **2024-1-ES01-KA171-HED-000231424**



SOLICITUDE

Datos persoais

Nome:	Apelidos:	DNI:
Correo electrónico:		Tfno:

Formación

Ciclo Formativo	Modalidade: Ordinario/Modular/Distancia	Quenda: Mañá / Tarde

Modalidade solicitada e datas

Marca a casilla da modalidade que solicites.

☐ Mobilidade de Formación práctica

Carta de presentación

Informa sobre os motivos e obxectivos da mobilidade.

Acreditación de idiomas

Idioma	Nivel Selecciona o nivel:						Documentación que acredita:
	A1	A2	B1	B2	C1	C2	Escola oficial de idiomas / Trinity... / outros.

Adxunta xustificantes acreditativos dos idiomas referidos anteriormente.

A persoa solicitante declara:

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, conforme o artigo 10.2.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e que dispón da documentación que así o acredita e que a poñerá á disposición da Administración cando lle sexa requirida.

5. Que se compromete a manter requisitos anteriores durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito, de maneira que se durante este período deixa de cumprir algún dos requisitos detallados na declaración, comunicarllo ao órgano xestor.

Comprobación de datos

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo a coordinación internacional.

- DNI ou NIE da persoa solicitante
- Expediente académico en CIFP Imaxe e son.

Os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a dxfp@edu.xunta.gal

Observacións:

Asinado:

A Coruña,

--

 de

--

 de 202

--



Cofinanciado por
la Unión Europea